



INFORMACIÓN ÓS MEDIOS

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ven de completar, coa ASISTENCIA XURÍDICA AO PROFESORADO, o compromiso adquirido publicamente polo Presidente da Xunta de Galicia no Homenaxe ao Docente organizado por ANPE Ourense en outubro do ano 2010.

Esta sentida reivindicación do profesorado figuraba na disposición adicional primeira da Lei 4/2011 de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa, e supón dar contido á condición de Autoridade para os Docentes Galegos e redactada baixo o principio de que sen un ambiente de convivencia nos centros educativos baseada no respecto mutuo, non é posible cumprir cos fins da educación.

Este seguro xurídico da cobertura legal ó profesorado ante calqueira continxencia no exercicio profesional do seu posto de traballo e cubre tanto o asesoramento como a defensa xurídica así como os gastos derivados da necesidade de procurador e/ou gastos notariais para outorgar poderes de representación xurídica ou peritaxe. Valoramos como moi positivo que se contemple a libre elección de avogado e do resto de profesionais por parte do profesor.

En **ANPE Ourense** consideramos que este convenio da resposta ás continuas e reiteradas peticións feitas dende numerosos ámbitos tal e como recollen as conclusións do I Congreso Hispano - Luso celebrado no Auditorio de Ourense no ano 2006 e no que participaron xunto a máis de 500 profesionais, numerosas autoridades na materia, con ponencias sobre a Convivencia Escolar, e que tiveron continuidade ano tras ano, a comezo de curso, coas Xornadas que sobre este tema se celebran na nosa provincia.

En Ourense a 18 de Xaneiro de 2012

ANPE Ourense, Secretaría de Comunicación

ANPE Ourense S.I.

R. Progreso, 83 - 1º Ourense C.P. 32003

Tlfn. 988255852 Fax. 988391843

www.anpeourense.com www.defensordoprofesor.com